

Galicia será protagonista do Festival Intercéltico de Lorient

Celebrarase nesta localidade da Bretaña francesa do 31 de xullo ao 9 de agosto



Nº 214 | 14 XUL - 20 XUL-09

Boletín electrónico semanal de TURGALICIA.
Estrada Santiago Noia,
km. 3. 15896,
Santiago de Compostela.

Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín **envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace**

INFO @

ou pónase en contacto con nós no teléfono

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



publicacións



noticias

www.turgalicia.es

Edita: TURGALICIA.
Realización: Lúdica7, S.L.
Santiago de Compostela.
Tel.: 981 575 359
Fax: 981 571 189



Susana Seivane



Carlos Núñez



Berrogüetto



Lulavai



Cristina Pato

O Festival Intercéltico de Lorient, unha das máis importantes citas a nivel internacional en canto á mostra de manifestacións contemporáneas dos países e rexións celtas, terá a Galicia como invitada de honra na súa edición número 39, que se celebrará, nesta localidade da Bretaña francesa, do 31 de xullo ao 9 de agosto.

Tendo en conta que esta edición estará dedicada á nosa Comunidade, a Xunta de Galicia, a través de TURGALICIA, participará instalando o Pavillón Galego que contará cunha superficie de aproximadamente 1.000 m² nos que se mostrarán, dun xeito moi atractivo, diferentes aspectos relacionados coa cultura popular galega, así como os seus principais recursos e produtos turísticos.

A estética do pavillón, de forte impacto visual, transmitirá unha imaxe de Galicia entrañable, amable e de calidade, potenciando o seu carácter de destino turístico con personalidade propia. No mesmo estarán reflec-

tidas as seguintes seccións: información e difusión da oferta turística xeral de Galicia; información e difusión do Camiño de Santiago/Xacobeo 2010; proxeccións audiovisuais relacionadas cos recursos turísticos; Bar/Degustación; tenda de artesanía, gastronomía e música;

exhibicións artesanais relacionadas cos labores propios do mar galego: redeiras e mariñeiros realizando nós de cabo; exposición, obradoiro e venda de artesanía en metal; exposición, obradoiro e venda de instrumentos artesanais de percusión e de gaitas.

Noite de Gala de Galicia

Xunto co Pavillón Galego, celebraranse outras accións con Galicia como protagonista como a *Noite de Gala de Galicia*, organizada por TURGALICIA, e que se levará a cabo no Grand Théâtre de Lorient no que actuará o grupo galego Son de Seu e, posta en marcha pola S.A. de Xestión do Xacobeo, a exposición fotográfica sobre o Camiño: *Un Chemin, Six Regards. Le Chemin de Santiago en Galice*.

Por outra parte, a organización do Festival contratará a Carlos Núñez e, co apoio de TURGALICIA, incluirá no seu programa actuacións de Son de Seu, Susana Seivane, Xacarangandina, Pradairo, Agrupación Moxena e a Banda de gaitas Airiños de Fene, que terán lugar en diferentes espazos do Festival.

Ademais, durante todos os días do encontro levaranse a cabo distintas actuacións, cunha variada programación ata sumar 24 espectáculos entre os que se contará cos concertos de Fía na Roca, Berrogüetto, Licor Kafé, Cristina Pato, Crema de Gaita, Isga Collective, Lulavai ou Faltriqueira. Cada xornada despedirase cun espectáculo de queimada con efectos de luz e son.

Máis información en:

<http://www.turgalicia.es/turnoticias/turnoticias.asp?cidi=G&ctre=turnoticias>